

# O RISO E A FACA

Pedro Pinho, 2025


# 1728

ESTREA EN NUMAX: 24.04.2026 | V.O.S.E. | +16 | 217 min

Sergio viaxa a África Occidental para traballar como enxeñeiro ambiental. Alí entabla unha relación estreita, aínda que un tanto desequilibrada, con Diara e Gui. Axiña descobre que un enxeñeiro italiano, ao que lle asignaron a mesma misión uns meses atrás, desapareceu misteriosamente.

«Unha película mundial, o máis bonito do Festival de Cannes»

ARTE



## Colonialismo do presente

Por Miguel Martín Maestro

N'*O riso e a faca* asistimos ao choque entre a concepción da metrópole e a excolonia desde os ollos de alguén sen vocación de colonizar nin permanecer, neste caso en Guiné Bissau, país no que aparece o eñxeñeiro portugués Sergio. Enfrontada a propostas de 100, 120, 130 minutos, duracións que se cinguen ao estándar predominante, o filme de Pedro Pinho sorprende pola súa lixeireza e capacidade de atraer a atención sen decaer en ningún momento, e iso tanto é mérito dun guión flexible e permeable como da valía do director para ir incorporando temas, subtramas, personaxes, situacións que, sen necesidade de ter relación unhas coas outras, si que ofrecen unha visión global dun país aos ollos dun estranxeiro.

O que antes foron dispositivos, artefactos, agora son capas, esa expresión de "múltiples capas" que tan de moda está en relación coas obras de creación artística na de Pinho é certa, pero non como unha sucesión delas nas que as de arriba ocultan ás de abaixo, estamos ante capas transparentes e osmóticas entre si, onde os temas non funcionan como un relato pechado que dá paso ao seguinte, senón que se conectan e transcenden dunhas a outras, demostrando que cada acto privado pode ter consecuencias no colectivo. Se Bissau é presentada como unha cidade nova, rebuldeira e cálida onde a sensualidade se mostra a flor de pel, o campo aparece ancorado no tradicional e nunha limitada evolución tecnolóxica sempre unida ao capital estranxeiro; se hai prostitución unida ao diñeiro sempre aparece un branco que paga pero sen esquecer que haberá un proxeneta negro; se a obra para autorizar beneficia as grandes empresas haberá un impacto ecolóxico que desestabilizará cultivos e fauna á vez que beneficiará os habitantes da zona porque achegará capital ao campo grazas ás infraestruturas para desenvolver; se hai diñeiro, moito diñeiro, por medio, tamén haberá presións a cambio de subornos ou ameazas de consecuencias nada agradables se non se fan os informes que se agardan. E no medio deste maremágnum de decisións a tomar, que para o personaxe principal se reduce a unha básica que pode condicionar o seu futuro, a súa figura aparenta actuar de xeito obxectivo e científico, sen implicarse nin expresar a súa opinión sobre a información que recibe. O novo colono sitúase na súa atalaia e observa, tenta eliminar a súa visión eurocéntrica para assimilar as diferenzas dunha sociedade que ten moitas necesidades impensables en Europa.

Esta viaxe de Sergio a través do país, con múltiples idas e voltas, ten aires conradianos ou stevensonianos. Para a mentalidade europea, presuntamente máis afeita a relacións sociais abertas, é un choque a naturalidade coa que a diversidade sexual se manifesta nas rúas; tamén é un choque que a rectitude moral poida ser cuestionada desde a facilidade que supón contar co seguro dun soldo mensual que imporía a dignidade de evitar ser comprado; non deixa de ser un *shock* atoparse con manifestacións de racismo e supremacismo branco nun país do África negra onde segue habendo parcelas de impiedade e cotos pechados para goce do branco. Nunha película de máis de tres horas sería lóxica a proliferación de tempos mortos, de *impasses* inactivos nos que se dese un respiro ao espectador; pero non é así, se xa n'*A fábrica de nada* (2017) houbo a ousadía frutífera de mostrarnos os efectos da crise económica e a deslocalización en Portugal mediante un musical posmoderno e amateur, n'*O riso e a faca* repítese a experiencia, aquí a música é plenamente diexética e a estrutura afástase do musical pero o nivel de tensión sempre é alto. Estamos ante unha película tan sorprendente como a súa escena inicial na que ante un garda fronteirizo armado o noso protagonista é parado antes de entrar no país e cando estamos a esperar a petición dunha "mordida" como excolonos que somos, levámonos a primeira sorpresa agradable da viaxe. Gocen de algo infrecuente.